

Decreto 424/1993, do 17 de decembro, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

A actividade pesqueira é básica na economía de Galicia, tanto polos ingresos que lles proporciona ás comunidades costeiras, que dependen dela en gran medida, como polo seu impacto social nelas.

Os recursos pesqueiros e marisqueiros localizados nas augas do ámbito territorial de Galicia son fundamentais para o desenvolvemento da industria pesqueira, tanto na súa vertente extractiva, isto é, ás embarcacións de pesca, como na súa vertente transformadora e comercial, por seren a base dun conxunto de actividades indisolubles e que xeran unha actividade económica que vai moito máis alá da actividade pesqueira en si e que precisa un fomento e unha planificación adecuados de acordo co disposto no artigo 30.1.1 e 2 do Estatuto de autonomía de Galicia.

A pesca ten ademais repercusións no campo laboral e calquera medida que se adopte debe así mesmo mirar polo incremento do benestar daquelas persoas que traballan nela, procurando normalizar na medida do posible esta actividade laboral, adecuándoa en forma idónea á daquelas persoas que realizan o seu traballo en terra firme de xeito que gocen duns horarios de traballo e duns descansos semanais que lles permitan levar unha vida familiar ordenada.

Así mesmo a pesca debe considerarse como unha actividade comercial máis que debe ser regulada de forma integral, e para iso debe tomar algúns elementos do contido e mais do espírito da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia.

Son varios os textos xurídicos que lexítiman a regulación da actividade pesqueira. Así, a Lei 6/1993, do 11 de maio, de pesca de Galicia, que regula, entre outras materias, a pesca en augas interiores, o exercicio das actividades marisqueiras e de cultivos mariños sobre os recursos que habitan no mar territorial e a zona económica exclusiva española do litoral de Galicia, e a ordenación pesqueira, definida no artigo 6 dela de acordo coa doutrina que sobre o materia ten establecida de xeito reiterado o Tribunal Constitucional.

De idéntico xeito, o Decreto 169/1984, do 10 de outubro, que define as competencias, réxime e inspección en materia de pesca, marisqueo e acuicultura, recolle o contido tanto da Constitución española, como do Estatuto de autonomía de Galicia ó respecto, indicando que a Comunidade Autónoma ten, en materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura, competencias exclusivas de acordo co contido do artigo 27.15 do Estatuto de autonomía de Galicia, pero que ademais lle compete o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado con respecto á Ordenación do sector pesqueiro, entendendo por tal a regulación do sector productivo da pesca, tal e como recoñece a sentenza 56/1989 do Tribunal Constitucional, que a diferencia da pesca marítima como protección de recursos.

A proximidade dos recursos ou áreas de pesca e marisqueo localizados en augas do ámbito territorial de Galicia permite que a actividade pesqueira se poida desenvolver dunha maneira similar ás actividades laborais en terra, se ben a aproximación das condicións de traballo no mar ás de terra deberá realizarse paulatinamente.

Por outra banda, a regulamentación das artes de pesca é necesaria en si mesma como elemento indispensable na regulación das pesqueiras xa que estas artes non poden proliferar de forma incontrolada por teren influencia directa no esforzo de pesca exercido nos caladoiros galegos. As súas dimensións e características deberán estar perfectamente definidas e o seu uso regulamentado co fin de garanti-lo desenvolvemento harmónico da actividade e asegurar unhas normas mínimas de competencia entre os participantes na pesqueira. É evidente que este regulamento por si só non resolverá os problemas de sobrepesca e outros de índole económica propios da actividade pesqueira pero a súa entrada en vigor constitúe unha condición indispensable para a ordenación das pesqueiras.

A regulamentación das distintas artes e aparellos de pesca tamén contribúe a aumentala seguridade dos buques, posto que se establecen límites ó tamaño das artes que poden ser usadas e mais ó número de pezas que poden ser capturadas, contribuíndo deste xeito a evita-la sobrecarga das embarcacións pesqueiras. De igual maneira, establécense límites ó tamaño das em-

barcacións e á potencia dos motores, atendendo, por unha parte, ó incremento das medidas de seguridade e, por outra, á limitación da instalación de motores de excesiva potencia que dificulten o cumprimento do disposto nos plans de orientación plurianual aprobados pola CEE para España, evitando, así mesmo, contribuír a incrementos innecesarios do esforzo de pesca.

Por último, o artigo 22 da Lei de pesca de Galicia dispón que corresponde á Xunta de Galicia establecer as normas sobre actividade pesqueira, tales como as artes, aparellos e utensilios para exercer a pesca e o marisqueo, as súas limitacións, número, etc.

Por todo iso, por proposta do conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, oído o Consello Galego de Pesca na súa sesión do día trinta de novembro de mil novecentos noventa e tres, e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezasete do decembro de mil novecentos noventa e tres,

DISPOÑO:

Artigo único.

Apróbase o Regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos permisibles en Galicia que figura anexo ó presente decreto.

Disposición adicional

Dentro dos seus programas, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá establecer axudas financeiras ós armadores de embarcacións dedicadas á pesca artesanal, polos investimentos que estes deban realizar, derivados da aplicación do disposto no presente regulamento.

Disposicións transitorias

Primeira.—Na ría de Ferrol, da Ponte das Pías ó interior, as embarcacións que na actualidade veñan facendo o marisqueo e os seus propietarios posúan o carné de mariscador de primeira clase, poderán rexistrarse na correspondente lista de embarcacións auxiliares de pesca, as auxiliares de explotacións de acuicultura, e os artefactos dedicados ó cultivo ou instalacións de especies mariñas.

Segunda.—Establécese un período transitorio de seis meses para adaptación das artes de pesca e marisqueo actualmente existentes ó disposto no presente regulamento.

Terceira.—Establécese un período transitorio de dous anos para adapta-las embarcacións de pesca ó disposto no presente regulamento.

Para a reconversión ou adaptación da flota a que se refire o parágrafo anterior acometeranse plans sectoriais nos cales se fixarán períodos transitorios para o cum-

primento do disposto no parágrafo anterior. As embarcacións que se acollan ós ditos plans gozarán de preferencia na asignación de fondos dos actuais programas de modernización, reestruturación e renovación da flota pesqueira e de adaptación de recursos.

Cuarta.—As embarcacións a que fai referencia o artigo 11 do regulamento poderán seguir exercendo a dita actividade durante o período de vida útil da embarcación.

Disposición derogatoria

Queda derogado o Decreto 262/1991, do 12 de xuño, polo que se aproba o regulamento da actividade pesqueira e das artes e aparellos de pesca permisibles en Galicia.

Disposicións derradeiras

Primeira.—Queda facultada a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura para aprobar e regular novas artes de pesca e marisqueo que non figuren no presente regulamento, así como para dicta-las normas precisas para o desenvolvemento del.

Segunda.—Este regulamento entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, dezasete do decembro de mil novecentos noventa e tres.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Juan Caamaño Cebreiro
Conselleiro de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

REGULAMENTO DA ACTIVIDADE PESQUEIRA E DAS ARTES E APARELLOS PERMISIBLES EN GALICIA

Título I.—Disposicións xerais

Capítulo I.—Obxecto e ámbito de aplicación

Artigo 1º

Este regulamento ten por obxecto establece-la normativa básica que regule a actividade pesqueira e maila utilización das artes de pesca e marisqueo en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º

As disposicións contidas neste regulamento aplicaranse á pesca marítima en augas interiores da Comunidade Autónoma de Galicia, ó marisqueo e ás embarcacións con base nela que resulten afectadas por este regulamento e que faen en augas do ámbito territorial de Galicia.

Artigo 3º

As artes autorizadas en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia e os horarios de actividade pesquera serán unicamente os que se definen e regulan neste regulamento.

Capítulo II.—Do exercicio da pesca

Artigo 4º

As actividades de pesca marítima en augas interiores e de marisqueo só se poderán levar a cabo utilizando as artes e aparellos que se regulan no presente regulamento e só as poderán realizar as embarcacións que teñan a súa base en portos do litoral galego e que estean incluídas no Rexistro de Buques de Galicia.

Artigo 5º

1.—Só se lles poderá recoñecer o dereito ó exercicio da pesca marítima en augas interiores e ó marisqueo a embarcacións que teñan a súa base en portos da Comunidade Autónoma de Galicia e que estean incluídas no censo oficial de buques do caladoiro Cantábrico-Noroeste, ou ben de embarcacións de cerco que con carácter temporal teñan licencia de pesca en caladoiros de Francia e Portugal.

2.—A Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderalles conceder permisos de explotación a embarcacións doutras comunidades autónomas para exercer a súa actividade en augas da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que os recursos o permitan e sen prexuízo a terceiros.

Artigo 6º

1.—Dado o carácter alternante da actividade extractiva nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, unha mesma embarcación poderá obter autorización para varias modalidades de pesca.

2.—A posible alternancia entre as distintas artes será establecida pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Artigo 7º

Non se poderá aumentar nin a potencia total nin a TRB do conxunto de embarcacións que faenan en augas interiores de Galicia afectadas por este decreto desde o momento da súa entrada en vigor.

Non obstante, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, á vista da evolución da flota e dos recursos mariños vivos en Galicia, poderá permitirlle o seu aumento dentro do contido dos plans de orientación plurianual aprobados pola CEE para España.

Capítulo III.—Das embarcacións pesqueiras e auxiliares da acuicultura

Artigo 8º

1.—A potencia máxima das embarcacións que utilicen motores fóra-borda queda limitada a 50 CV, e a súa eslora máxima entre perpendiculares permitida será de 5 metros. Estas embarcacións, por razóns de seguridade, só poderán faenar no interior das rías ou a unha distancia máxima de 2 millas da costa ou das bocas das rías definidas no anexo I.

2.—A potencia máxima será de 50 CV para as embarcacións auxiliares de acuicultura, rexistradas na lista 4ª, con base en portos da Comunidade Autónoma galega e que teñan motores fóra-borda como medio de propulsión.

Artigo 9º

1.—A potencia máxima dos motores intra-borda das embarcacións que faenan en augas do interior de Galicia será:

a) Máximo de 100 CV para embarcacións de eslora entre perpendiculares de 5 a 9 metros.

b) Máximo de 150 CV para embarcacións de eslora entre perpendiculares comprendida entre 9,01 e 12 metros.

2.—Para aquelas embarcacións que simultaneen a pesca en augas interiores e exteriores, a eslora máxima será de 20 metros entre perpendiculares e a súa potencia será:

a) Máximo de 200 CV para embarcacións comprendidas entre 12,01 e 15 metros.

b) Máximo de 250 CV para embarcacións comprendidas entre 15,01 e 20 metros.

c) Exceptúanse as embarcacións incluídas no censo oficial do cerco do caladoiro Cantábrico-Noroeste.

Artigo 10º

Non se lles poderá outorgar autorización para faenar ás embarcacións que non dispoñan de medios mecánicos de propulsión, salvo as embarcacións de marisqueo que faenan dentro das liñas de entrada das rías definidas no anexo I.

Artigo 11º

Para poderen exercer a pesca con artes de enmalle, as embarcacións de nova construción deberán ter un arqueo mínimo de 2,50 TRB. As embarcacións estarán obrigatoriamente rexistradas na 3ª lista do Rexistro de Matrícula de Buques para exercer a pesca. A súa inscrición na lista 4ª do citado rexistro capacitaraas para realizar funcións auxiliares ós establecementos de acuicultura, ó mesmo tempo que as inhabilita para exercer a actividade pesqueira e extractiva.

Artigo 12º

Non se poderán realizar obras de reforma na estrutura da embarcación, nin cambios de motor que alteren as súas características, nas embarcacións existentes na actualidade que de forma continuada e permanente estean dedicadas á pesca en augas da Comunidade Autónoma de Galicia e non reúnan as características anteriores a non ser que se aporten as correspondentes baixas.

Capítulo IV.—Límites á actividade pesqueira e extractiva

Sección 1ª: Límites ó exercicio da actividade da pesca

Artigo 13º

1.—A actividade pesqueira daquelas embarcacións que faenen no ámbito da Comunidade Autónoma só se poderá exercer durante cinco días á semana, sendo obrigatorio un descanso semanal de 48 horas continuadas. No descanso obrigatorio estará sempre incluído o domingo.

2.—O orto e maillo ocaso do sol determinarán os límites entre os horarios diurnos ou nocturnos.

Artigo 14º

1.—As embarcacións que faenen en augas do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que estean incluídas no Rexistro de Buques da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, e que teñan como base algún porto da Comunidade Autónoma, deberán cesar na súa actividade e permanecer nel desde as 24 horas do venres ata as 24 horas do domingo, debendo levantar as artes do seu calado e levalas ó porto.

2.—Exceptúanse do disposto no punto anterior:

a) As embarcacións que se dediquen as modalidades de rascos, miños, cerco, xeito e nasas, que se rexerán polos horarios que se definen no apartado correspondente deste regulamento.

b) A flota dedicada á pesca de peixe espada, marraxo, castañeta e túnidos, con mareas habituais superiores ós 10 días, queda exenta do cumprimento desta norma.

Capítulo V.—Infraccións administrativas

Artigo 15º

As infraccións que se cometan en relación co establecido neste regulamento serán sancionadas de conformidade co disposto na Lei 6/1991, do 15 de maio, de infraccións en materia de protección dos recursos marítimo-pesqueros e as súas normas de desenvolvemento.

Título II.—Modalidades de pesca

Capítulo I.—Artes e aparellos de anzol

Artigo 16º

Enténdense por aparellos de anzol aqueles sistemas de pesca compostos basicamente por cabos de fibra e anzois, dos que se autorizan tres modalidades tradicionais: a liña, o palangre e o palangrillo.

Artigo 17º

1.—A liña está constituída por un ou varios anzois, que actúan normalmente ligados á man do pescador, e da que existen diferentes variantes (rañeiras, poteiras), todas elas autorizadas.

2.—A pesca con este aparello poderá ser exercida durante todo o ano e sen limitación de zonas.

Artigo 18º

O palangre está constituído por unha tralla denominada madre, de lonxitude variable, da que parten outros cabos máis finos denominados brazoladas ós que se empalan os anzois. Poden ser de fondo ou de superficie, segundo estean ou non fixados ó leito mariño.

Artigo 19º

A pesca con palangre en calquera das súas modalidades poderá ser exercida durante todo o ano fóra das rías, segundo o anexo I.

a) A lonxitude máxima dos palangres de fondo será de 5.000 metros e o número máximo de anzois que se empregará será de 2.000, debéndose respectar unha distancia mínima entre as brazoladas de dous metros cincuenta centímetros.

b) As embarcacións despachadas para palangre de superficie deberán facer constar no rol a especie ou especies a que se dedican, e non poderán desembarcar especies distintas ás que figuran no despacho do rol. A lonxitude máxima dos palangres de superficie será

De 12.000 metros para a castañeta, cun máximo de 6.000 anzois.

De 20.000 metros para o peixe espada e o marraxo cun máximo de 1.000 anzois.

Artigo 20º

1.—O palangrillo é unha arte de anzol similar ó palangre e do que unicamente se diferencia polas súas dimensións. Poderase utilizar durante todo o ano e en todas as áreas.

2.—A lonxitude máxima total do palangrillo será de 2.000 metros e o número máximo de anzois que se empregará será de 1.000.

3.—Deberá respectarse unha distancia mínima entre brazoladas de 1 metro.

Artigo 21º

O tamaño dos anzois que se empreguen non poderá en ningún caso ser inferior ós que a continuación se sinalan, segundo as especies pesqueiras e medidos segundo se recolle no artigo 112.

	Longo (cm)		Abertura (cm)	
a) Peixe espada e marraxo.	11,25	4,25	4,8	1,2
b) Pescada, congo, castañeta, ollomol, tomás e mero.	3,85	1,15	1,60	0,40
c) Robaliza, sargo, pargo e bertorella.	2,70	0,07	1,05	0,15
d) Faneca, marangata, cabra, vello ou serrán.	2,05	0,05	0,80	0,10

Artigo 22º

O despacho das embarcacións deberá indica-la modalidade de pesca á que van dirixidos os palangres que se atopen a bordo delas. Non se poderá levar en cada saída máis ca un tipo de palangre dos definidos neste capítulo.

Capítulo II.—Artes e aparellos de enmalle

Sección 1ª: Disposicións xerais

Artigo 23º

1.—Son artes de enmalle aquelas que están armadas de tal xeito que capturan as especies mariñas ó quedan estas embolsadas ou atrapadas nas mallas das redes rectangulares que as constitúen. As redes cálanse en posición vertical, dispoñendo a tralla superior de flotadores e estando a inferior convenientemente lastrada, e poderán estar ou non apoiadas no fondo, segundo a especie que se vaia capturar.

2.—Poden utilizarse como artes fixas, cando ámbolos extremos quedan fixos ó fondo, ou artes de deriva, cando, polo menos, un deles queda libre a mercé das correntes.

3.—Autorízanse as artes de enmalle seguintes:

a) Rascos, volantas, betas, trasmallos e miños, entre as fixas.

b) O xeito, entre as de deriva.

Sección 2ª: Rascos

Artigo 24º

Os rascos, tamén coñecidos en Galicia coa denominación de rascas, raeriras ou rasquiños, son artes de forma rectangular compostas por varias pezas de rede unida, armadas entre trallas de flotadores e chumbos, de tal forma que o balance flotador/chumbo lle fai adoptar a posición case tendida no fondo, ó que se fixa con rizóns.

Artigo 25º

A malla mínima admida para esta arte será de 280 milímetros e as pezas terán como dimensións máximas 50 metros de lonxitude por 2,50 metros de altura.

Artigo 26º

A lonxitude máxima total da arte ou artes que se calarán por buque e día establécese en función da TRB de cada embarcación:

a) Embarcacións abranguidas entre 2,5 e 5,50 TRB, 1.000 metros, equivalentes a 20 pezas.

b) Embarcacións abranguidas entre 5,51 e 7,50 TRB, 2.000 metros, equivalentes a 40 pezas.

c) Embarcacións abranguidas entre 7,51 e 10 TRB, 3.000 metros, equivalentes a 60 pezas.

d) Embarcacións abranguidas entre 10,01 e 15 TRB, 4.000 metros, equivalentes a 80 pezas.

e) Embarcacións superiores a 15,01 TRB, 5.000 metros, equivalentes a 100 pezas.

Artigo 27º

A pesca con rascos poderase exercer todo o ano e non se poderá utilizar en ningún caso dentro das liñas de referencia sinaladas no anexo I.

a) En ningún caso se poderá utilizar en fondos inferiores a 40 metros.

b) Semanalmente, a arte deberá ser levantada e retirada do seu calado antes das 12 horas do venres. Poderá ser calada o domingo a partir das 12.00 horas, pero non poderá ser levantada antes do luns ás 0.00 horas, debendo os buques dedicados a esta actividade regresar a porto e permanecer nel durante ese período.

Sección 3ª: Volantas

Artigo 28º

Enténdese por volanta a arte de pesca de enmalle fixo, de forma rectangular, composta por varias pezas de rede unidas entre si, dotada de chumbos na tralla inferior e flotadores na superior para mantela en sentido vertical sobre o fondo.

Artigo 29º

A malla non será inferior a 90 milímetros. A altura da arte non poderá ser superior a 10 metros e a lonxitude máxima total da arte que se calará por buque e día será a mesma que para os rascos, establecida no artigo 26.

Artigo 30º

A pesca con volanta poderá ser exercida durante todo ano e non poderá utilizarse en ningún caso por dentro das liñas de referencia sinaladas no anexo I.

Sección 4ª: Betas

Artigo 31º

Denomínanse betas aquelas artes de enmalle formadas por un só pano de rede rectangular, construído por varias pezas, que permanece fixo e calado verticalmente por efecto do seu armamento entre das trallas, a superior cun sistema de flotación e a inferior lastrada.

Artigo 32º

A malla mínima autorizada non será inferior a 60 milímetros. Cada unha das pezas que compoñen a arte terá unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima de 3 metros.

Artigo 33º

A lonxitude máxima total da arte ou artes que se calará será:

- a) Embarcacións menores de 2,5 TRB, 500 metros, equivalente a 10 pezas.
- b) Embarcacións abranguidas entre 2,51 e 5,50 TRB, 1.250 metros, equivalentes a 25 pezas.
- c) Embarcacións abranguidas entre 5,51 e 7,50 TRB, 1.700 metros, equivalentes a 35 pezas.
- d) Embarcacións abranguidas entre 7,51 e 10 TRB, 2.250 metros, equivalentes a 45 pezas.
- e) Embarcacións de 10,01 TRB en diante, 3.000 metros, equivalentes a 60 pezas.

Artigo 34º

1.—Poderá faenarse con esta arte durante todo o ano, e a área de calado será por fóra das liñas de referencia que se sinalan no anexo III.

2.—A súa utilización será diurna; poderá ser calada dúas horas antes do orto e será retirada do seu calado dúas horas despois do ocaso, debendo transportarse ó porto coa embarcación.

Sección 4ª: Trasmallos

Artigo 35º

O trasmallo é unha arte de enmalle fixo que consta de unha ou varias pezas constituídas por tres panos, que se arman conxuntamente entre dúas trallas, cos sistemas adecuados para permanecer calado verticalmente. Os panos exteriores serán iguais entre si, tanto na dimensión da malla como no diámetro do fío. O pano interior, de malla de menor tamaño, poderá ser de maior extensión.

Artigo 36º

1.—A malla mínima dos panos exteriores, diagonalmente extraída, será de 400 milímetros e a do pano central ou interior, de 70 milímetros.

2.—A altura máxima da arte, entre trallas, será de 2 metros, e a lonxitude de cada unha das pezas non excederá de 50 metros.

Artigo 37º

A lonxitude máxima total da arte ou artes permitidas por buque e día será a mesma cá sinalada para as betas no artigo 33.

Artigo 38º

1.—Poderase faenar con esta arte durante todo o ano. A área de utilización será por fóra das liñas que se sinalan no anexo III, e a máis de 100 metros da costa.

2.—O horario de traballo será diurno; poderá ser calada ata 2 horas antes do orto e levantarase como máximo 2 horas despois do ocaso, sendo transportada ó porto coa embarcación.

Sección 5ª: Miños

Artigo 39º

Os miños son artes de enmalle fixo constituídos por tres panos de rede, similar ó trasmallo descrito anteriormente, e do que unicamente difiren polas súas dimensións e a amplitude das súas mallas.

Artigo 40º

As mallas dos panos exteriores, diagonalmente estendidas, deberán ter unha lonxitude mínima de 500 milímetros, en tanto que a malla do pano central, tamén en sentido diagonal, deberá ter, como mínimo, 90 milímetros.

Artigo 41º

1.—As dimensións máximas das pezas que constitúen esta arte, armadas entre trallas, terán unha lonxitude máxima de 50 metros e unha altura máxima de 3 metros.

2.—A lonxitude total máxima autorizada da arte por buque e día será a establecida para as betas no artigo 33.

Artigo 42º

Poderase faenar con esta arte durante todo o ano e a área de utilización será por fóra das liñas de referencia que se sinalan no anexo II.

a) Cada vintecatro horas, os miños deberán ser levantados do seu calado para recolle-las capturas e semanalmente deberán ser retirados e levados a terra; as embarcacións regresarán ó porto antes das 12 horas do venres e poderán saír de novo a calar o domingo a partir das 12 horas, pero non poderán ser levantados antes das 00.00 horas do luns, debendo os buques regresar ó porto e permanecer nel durante ese período.

b) En época de veda dos crustáceos centola e boi, non se poderá faenar con esta arte dentro das rías, tal como se define no anexo I.

Sección 6ª: Xeito

Artigo 43º

O xeito é unha arte de enmalle de deriva que está constituída por un pano rectangular estendido entre dúas trallas, a superior, que conta cun sistema de flotación por boías que permite un calado a profundidade variable, e a inferior que está lastrada con chumbos. Debe permanecer unido á embarcación mediante un cabo de lonxitude variable, quedando o outro extremo libre.

Artigo 44º

1.—A malla diagonalmente estendida non poderá ser inferior a 40 milímetros.

2.—A altura da arte, logo de armada, non poderá ser superior a 16 metros. A lonxitude de cada peza non superará os 70 metros, cunha lonxitude de 100 metros co pano estirado.

Artigo 45º

A lonxitude máxima total da arte ou artes autorizadas por buque e día non poderá exceder, en ningún caso, de 1.000 metros.

Artigo 46º

1.—A pesca con xeito poderase exercer durante todo o ano, dentro ou fóra das rías.

2.—A arte deberá ser levantada e levada a terra polas embarcacións que a usen o sábado antes das 12.00 horas, e estas non poderán saír calala ata as 12.00 horas do luns, debendo os buques regresar a porto e permanecer nel durante ese período.

Capítulo III.—Artes de cerco

Sección 1ª: Disposicións xerais

Artigo 47º

Enténdese por arte de cerco aquela que está constituída por unha rede rectangular sustentada por flotadores e mantida verticalmente por pesos, coa que se rodea ou cerca o cardume. Está provista dun cabo ou xareta que pecha a arte pola parte inferior unha vez realizado o cerco, quedando os peixes embolsados nela.

Artigo 48º

A malla mínima das artes de cerco será de 14 milímetros.

Artigo 49º

Mentres non se modifiquen as disposicións que regulan a arte de cerco no caladoiro nacional, as dimen-

sións máximas das artes serán de 450 metros de lonxitude, sen incluír calóns e puños, e 90 metros de altura.

Artigo 50º

Queda prohibida a utilización de luz artificial que teña por obxecto incrementar a concentración dos cardumes en torno á embarcación.

Artigo 51º

Poderá exercerse a pesca con artes de cerco durante todo o ano, respectando as seguintes normas:

a) Non se poderá faenar por dentro das liñas de referencia que se sinalan no anexo II.

b) As capturas das especies peláxicas obxecto desta pesqueira poderán ser limitadas. Neste caso a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, na regulación de cada campaña, fixará as cantidades máximas que se poderán capturar de cada unha delas.

c) Deberá respectarse un descanso semanal de 48 horas, incluíndo polo menos a totalidade do domingo. Os buques deberán regresar ó porto e permanecer nel durante ese período, segundo as modalidades de horario que se determinen.

Sección 2ª: Outras modalidades de cerco

Artigo 52º

Poderanse utilizar outras artes de cerco de menores dimensións, tradicionais de Galicia, tales como a raspita, o racú, a piobardeira, etc.; son estas diferentes denominacións polas que son coñecidas artes similares, que non poderán utilizar embarcación auxiliar sempre que se axusten á seguinte normativa:

a) A malla mínima da rede será de 14 milímetros.

b) As dimensións da arte non poderán exceder de 100 metros de lonxitude, nin dos 25 metros de altura. Admitiranse calóns abranguídos entre 15 e 20 metros.

Artigo 53º

O emprego destas artes de cerco poderá ser realizado durante todo o ano por embarcacións de 2,50 a 7 TRB, en xornadas diurnas ou nocturnas, que serán excluíntes entre si e deberán figurar no despacho do rol e sempre que se faene:

a) Á pombeira, isto é, desde a embarcación halando á man.

b) Por fóra das liñas de referencia citadas no anexo III.

c) A actividade de pesca profesional con estes aparellos non poderá exercerse desde as 00.00 horas do sábado ás 24.00 horas do domingo. Os buques deberán regresar ó porto e permanecer nel durante este período.

Sección 3ª: Artes de cerco para a captura de bolos, lanzóns e voadores

Artigo 54ª

1.—Autorízase a captura de diversas especies da familia Ammoditidae (bolos, lanzóns e voadores). A captura das mencionadas especies realizarase exclusivamente con artes de cerco. As capturas así obtidas poderán ser destinadas indistintamente a carnada viva ou morta ou a outros fins comerciais.

2.—Queda expresamente prohibida a captura de Clupeidos (sardiña, trancho e bocarte) para o seu uso como engado.

Artigo 55ª

As embarcacións que temporalmente pretendan dedicarse á captura de bolos, lanzóns e voadores deberán solicitar autorización previa e cumprirán as seguintes normas:

a) A dimensión da malla non será inferior a 10 milímetros e as redes non excederán de 150 metros de lonxitude e 40 metros de altura.

b) O emprego desta arte realizarase en xornadas exclusivamente diurnas e por fóra das liñas de referencia sinaladas no anexo III.

c) Non se poderán reter a bordo especies distintas ás autorizadas no despacho.

d) A actividade de pesca profesional con estes aparellos non poderá exercerse desde as 00.00 horas do sábado ás 24.00 horas do domingo. Os buques deberán regresar ó porto e permanecer nel durante ese período.

5

Capítulo IV.—Nasas

Sección 1ª: Normas comúns

Artigo 56ª

1.—As nasas son artes de fondo que están construídas en forma de cestos ou gaiolas de diversos materiais que se recobren de rede. Están provistas dunha ou máis aberturas ou bocas de extremos lisos, non punzantes, que permiten a entrada das distintas especies ó interior do habitáculo que forma a arte, atraídas polo engado colocado dentro del.

2.—A súa utilización autorizarase dependendo das vedas, parciais ou xerais, das especies cara ás que se dirixen as súas capturas, ou das zonas que transitoriamente poidan establecerse por razóns biolóxicas ou doutro tipo.

Artigo 57ª

As nasas serán largadas de forma que constitúan ca-

madre. O conxunto das caceas non poderá superar 2.000 metros de lonxitude total por embarcación.

Artigo 58ª

As nasas clasificaranse pola especie que sexa obxecto da pesqueira cara á que se dirixen, o que non exclúe as capturas incidentais doutras especies distintas, sempre que sexan de tamaño regulamentario e non estean en veda. En caso contrario deberán ser devoltas ó mar inmediatamente despois de capturadas. A súa retención a bordo constituirá unha infracción.

Artigo 59ª

1.—O número máximo de nasas por embarcación será:

a) Embarcacións menores de 2,50 TRB: 90 nasas.

b) Embarcacións abranguidas entre 2,51 e 5,00 TRB: 135 nasas.

c) Embarcacións abranguidas entre 5,01 e 7,00 TRB: 180 nasas.

d) Embarcacións abranguidas entre 7,01 e 10,00 TRB: 225 nasas.

e) Embarcacións maiores de 10,01 TRB: 270 nasas.

2.—As embarcacións deberán respectar en todo momento tódalas normas de seguridade establecidas pola normativa vixente.

Artigo 60ª

1.—As nasas deberán ser levantadas e levadas á terra diariamente, unha vez cumprido o seu horario de traballo.

2.—As nasas non se poderán calar nin poderán permanecer no mar as fins de semana a partir das 10.00 horas do sábado. Non poderán calarse de novo ata as 10.00 horas do luns seguinte.

3.—Con carácter excepcional e transitorio, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá establecer regulamentariamente plans por zonas autorizando que as nasas poidan permanecer caladas sen engado.

Artigo 61ª

Nas épocas de veda das especies cara ás que se orienta a captura principal das nasas, estas deberán ser transportadas á terra. Deberán permanecer almacenadas e chabolas ou lugares habilitados para o efecto e non poderán permanecer na zona portuaria.

Sección 2ª: Nasas para nécora

Artigo 62ª

A nasa de nécora construírse de forma cilíndrica polidrica, con dimensións máximas de 50 centímetros de lonxitude e 35 centímetros de altura ou diámetro. A boca de entrada, no seu diámetro maior, terá como máximo 16 centímetros. Cando estea recuberta dou-

material, o lado do cadrado dos ocos que forme non será inferior a 10 milímetros.

Artigo 63º

A nasa de nécora poderá utilizarse todo o ano, salvo durante o período de veda, xeral ou parcial, desta especie. O lance será sempre nocturno.

Sección 3ª: Nasa de camarón

Artigo 64º

As características e dimensións máximas das nasas para camarón serán idénticas ás de nécora, coa excepción relativa á boca ou bocas de entrada, que deberá ser circular ou cadrada e cun diámetro ou eixe máximo de 5 centímetros. O tamaño mínimo de malla será de 16 milímetros.

Artigo 65º

Esta nasa poderá utilizarse durante todo o ano sen limitacións, salvo nos períodos en que puidese decretarse a veda desta especie. O seu uso será exclusivamente nocturno.

Sección 4ª: Nasa para lagosta

Artigo 66º

A nasa para lagosta poderá ser de forma cilíndrica ou poliédrica e terá como dimensións máximas 55 centímetros de xeratríz e 35 centímetros de diámetro ou altura. A boca de entrada no seu eixe será como máximo de 23 centímetros.

Artigo 67º

Se o recubrimento da nasa se fai con rede, a malla mínima dela será de 70 milímetros. Se se emprega outro material ríxido, o lado do cadrado dos ocos non será inferior a 35 milímetros.

Artigo 68º

A nasa para lagosta poderá utilizarse durante todo o ano, salvo no período de veda xeral ou parcial da especie, e en lance exclusivamente nocturno.

Artigo 69º

A área marítima de utilización desta nasa será sempre por fóra das liñas de referencia que se sinalan no anexo I.

Sección 5ª: Nasa para polbo

Artigo 70º

1.—Para a captura de polbo fóra das rías, segundo as liñas definidas no anexo I, poderán empregarse nasas pechadas, similares ás da nécora, ou nasas do tipo aberto.

2.—Dentro das liñas do anexo I, para a captura do polbo empregaranse exclusivamente nasas do tipo aberto.

Poderán construírse de diferentes materiais, salvo aqueles que se poidan prohibir regulamentariamente.

3.—As dimensións máximas da nasa serán de 40 centímetros de lonxitude por 35 centímetros de largura e altura, deixando a cara superior aberta.

4.—As mallas ou claros non serán inferiores a 20 milímetros de lado do cadrado.

Artigo 71º

A nasa de polbo pode utilizarse en calquera época do ano. O lance será diurno.

Sección 6ª: Nasa de choco

Artigo 72º

Para a captura do choco poderá utilizarse a nasa de choco sen engado, de forma cilíndrica, poliédrica ou ben semicilíndrica con fondo plano. Non deberá levar ningún engado, senon só ramas que sirvan de refuxio á especie. As ramas que leven adheridas mullaras deberán ser devoltas ó mar unha vez utilizadas.

Artigo 73º

1.—As dimensións serán como máximo de 150 centímetros no eixe maior ou lonxitudinal e 90 centímetros de diámetro ou altura. A dimensión da boca será como máximo de 20 centímetros no seu eixe maior.

2.—O recubrimento será de rede e a malla mínima será de 5 centímetros de lado do cadrado.

3.—A súa utilización será tanto diurna como nocturna.

Sección 7ª: Nasa portuguesa

Artigo 74º

A súa forma é esférica comprimida en sentido vertical. A estrutura está composta de arames soldados que ó se curvaren cara a dentro na súa parte superior forman a boca. A dimensión máxima da boca é de 20 centímetros, a separación mínima entre varelas de 200 milímetros e o seu diámetro é de 80 centímetros.

Artigo 75º

A utilización da dita arte non está autorizada en augas interiores de Galicia, salvo que estudos posteriores recomenden á súa utilización; neste caso, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura elaborará a normativa que rexerá o seu uso.

Sección 8ª: Butróns

Artigo 76º

O butrón é unha arte que consta dunha parte central rectangular de rede, chamada parada, ó extremo da cal e perpendicularmente a ela se sitúan tres funís concéntricos de rede que desembocan nunha última cámara,

onde quedan atrapados os peixes. A malla autorizada é de 14 milímetros.

Artigo 77º

Só se autorizará logo de elaboración da normativa que rexerá o seu emprego e que establecerá a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura mediante o regulamentario plan de explotación.

Sección 9ª. Nasa fanequeira

Artigo 78º

A nasa fanequeira está formada por un armazón de forma cilíndrica, con aros metálicos de 2 metros de diámetro máximo e varelas verticais dun máximo de 80 centímetros de altura. Leva dúas entradas opostas feitas de rede, que se prolongan de forma tronco-cónica cara ó interior da nasa. A malla que cobre o armazón deberá ser de 50 milímetros de lado.

Artigo 79º

O seu uso só será autorizado fóra das rías, segundo as liñas do anexo I, logo de estudio e elaboración da normativa que rexerá o seu emprego e que establecerá a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura mediante o regulamentario plan de explotación.

Sección 10ª: Outros tipos de nasa

Artigo 80º

Na captura de anguía poderase utiliza-la nasa tradicional de vimbios de forma aproximadamente cilíndrica, con dúas aberturas nas caras opostas, unha de entrada en forma de funil e outra provista de tapadeira, que serve para retirar as capturas. As dimensións máximas autorizadas serán 67 centímetros de lonxitude e 35 de diámetro. Poderá utilizarse durante todo o ano. O lance deste tipo de nasa será diurno.

Artigo 81º

Poderanse autorizar tipos de nasas distintas das descritas logo de realización dos estudos correspondentes. A súa normativa de uso será establecida pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Capítulo V.—Artes de arrastre

Sección 1ª: Arrastre de fondo

Artigo 82º

Enténdese por artes de arrastre de fondo as seguintes:

a) A que exerce un buque pesqueiro que remolca en contacto co fondo unha arte de rede con portas coa finalidade de capturar especies demersais da fauna mariña con destino á alimentación humana ou á industrialización. O aparello pode estar armado ás modalidades clásicas de bou ou baco.

b) A que exercen dous buques pesqueiros que remolcan cada un deles por un extremo unha arte de rede sen portas, á modalidade clásica da parella, coa finalidade de capturar especies demersais da fauna mariña con destino á alimentación humana ou á industrialización.

Artigo 83º

O arrastre de fondo está prohibido nas augas interiores de Galicia, agás con fins científicos e de experimentación, para o cal cumprirá a autorización expresa da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Artigo 84º

As embarcacións que estean incluídas no censo galego de buques de pesca ou que teñan como porto base algún porto da Comunidade Autónoma de Galicia e que realicen o arrastre costeiro ou litoral nas augas de ámbito territorial de Galicia, deberán cesar na súa actividade como mínimo desde as 00.00 horas do sábado ata as 24.00 horas do domingo.

Sección 2ª: Arrastre peláxico e semipeláxico

Artigo 85º

As artes de arrastre peláxico ou semipeláxico defínense de xeito similar ás artes de fondo, coa única diferenza de que a súa finalidade é a captura de especies peláxicas ou semipeláxicas.

Artigo 86º

O arrastre peláxico ou semipeláxico está prohibido nas augas interiores de Galicia, agás con fins científicos e de experimentación, para o cal cumprirá a autorización expresa da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Capítulo VI.—Artes remolcadas ou haladas á man

Sección 1ª: Bou de vara

Artigo 87º

O bou de vara é unha arte de rede remolcada, caracterizada porque a abertura do aparello se mantén por efecto dunha vara transversal e a acción de remolque é exercida polo motor da embarcación.

Artigo 88º

1.—Poderase autoriza-lo emprego das artes de bou de vara entre os meses de novembro e marzo, a través da oportuna orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Con carácter xeral, o horario será de 8.00 a 14.00 h; para a captura do conguito o seu horario será nocturno. Este deberá figurar no despacho do rol da embarcación, sen que poida empregarse para a captura doutras especies. O horario diurno e nocturno serán excluíntes entre si.

2.—Nas épocas de veda da nécora, esta arte só se poderá utilizar en áreas onde non se capture a especie anterior. A súa normativa establecerá a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Artigo 89º

As dimensións máximas da arte serán:

Lonxitude do calón: 6 metros como máximo.

Lonxitude do cope: 6 metros como máximo.

Lonxitude de vara: 6 metros como máximo.

Altura: 3'5 metros.

Chumbada: 10 kg como máximo.

Mallas: calón, 60 milímetros; cope, 50 milímetros.

Artigo 90º

O uso do bou de vara estará soamente autorizado no ámbito da ría de Arousa. O número de embarcacións autorizadas non deberá exceder as existentes no momento da publicación deste regulamento. Logo de estudio, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá autoriza-lo seu uso noutras zonas ou áreas.

Artigo 91º

As zonas en que se poderá autorizar bou de vara son:

a) Polígonos de batea: deberá evitarse tocalas cordas das bateas. A partir do comezo da veda da nécora non se poderá faenar nestas zonas.

b) Canais de navegación: só se permitirá nas súas beiras a captura de zamburiñas e volandeira. Está prohibido faenar dentro das zonas de navegación deles.

c) Outras áreas: só se autorizará o seu uso en zonas de libre marisqueo cunha profundidade superior a 10 metros.

Artigo 92º

A potencia máxima das embarcacións que faenen con bou de vara será de 50 CV.

Sección 2ª: Rapeta ou bou de man

Artigo 93º

A rapeta ou bou de man é unha arte mixta de remolque-cerco, na que a acción de remolque se efectúa por medio de halador ou á man.

Artigo 94º

Poderase utilizar rapeta ou bou de man entre os meses de novembro e marzo a través da oportuna orde da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura. Con carácter xeral o horario será de 8.00 a 14.00 h. O horario para a captura do conguito será nocturno, e deberá ser esta no despacho da tel da embarcación, sen

que se poida empregar para a captura doutras especies. O uso diurno e nocturno serán excluíntes entre si.

Artigo 95º

As dimensións da arte serán:

Lonxitudes das alas: 30 metros como máximo. Lonxitude do cope: 6 metros como máximo. Chumbada: Chumbos de 1 kg como máximo cada 4 metros. Malla: calón de 80 milímetros; cope de 50 milímetros.

Artigo 96º

O uso da rapeta ou bou de man estará soamente autorizado na ría de Arousa, Vigo e Pontevedra; o número de embarcacións que o utilizan non poderá exceder o existente no momento da publicación deste regulamento. Logo de estudio, a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura poderá autoriza-lo uso noutras zonas ou áreas.

Artigo 97º

As zonas nas que se poderá utiliza-la rapeta son as citadas para o bou de vara no artigo 91.

Artigo 98º

A potencia máxima das embarcacións que faenen con esta arte será de 50 CV.

Capítulo VII.—Boliche ou chinchorro

Artigo 99º

Enténdese por boliche a arte de pesca mixta entre arrastre e cerco, que consta dunha tralla superior ou con flotadores, tralla inferior con lastre, calóns nos extremos de cada ala ou pernada, mesa e cope.

Artigo 100º

Poderase autoriza-lo seu uso entre os meses de xullo e setembro en horario exclusivamente diurno.

Artigo 101º

As dimensións da arte serán:

a) As alas terán unha lonxitude máxima de 75 metros.

b) A mesa terá unha lonxitude de 2 metros como máximo.

c) O cope será de 7 metros de lonxitude máxima.

d) A coroa terá unha lonxitude máxima de 3 metros.

e) A luz de malla terá unha dimensión non inferior a 17 milímetros.

f) Os chumbos da tralla inferior colocaranse espaçados, cun peso máximo de 1 kg cada 5 metros.

g) A lonxitude da relinga de chumbo será superior á lonxitude do pano da rede. Como mínimo por cada metro de pano de rede terá un metro trinta centímetros (1,30) de relinga de chumbo.

Artigo 102º

Soamente se poderá faenar con esta arte na modalidade de pombeira, isto é, desde a embarcación halando á man; nunca poderá tirarse con máquina. Prohíbese realizar halado con cabo dado á terra.

Artigo 103º

O uso do boliche só se permitirá logo de aprobación do oportuno plan de explotación pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, que deberá recoller as zonas de utilización e especies de captura.

Capítulo VIII.—Outras artes

Sección 1ª: Mediomundo

Artigo 104º

O mediomundo é un aparello formado por un aro de ferro cun diámetro máximo de 6 metros e armado de ventos que se xuntan nunha argola da que parte un cabo único. O cabo pode ir suxeito directamente a unha vara ou por medio dunha polea para o seu manexo. O aro leva un cope de malla de 14 milímetros.

Artigo 105º

A arte mediomundo poderá utilizarse en calquera época do ano en horario diurno.

Sección 2ª: Bicheiro e outros

Artigo 106º

Autorízase o emprego durante todo o ano, agás nas épocas de veda das especies de captura, das artes tradicionais selectivas que poderán utilizar trueiro e espello ou mirafondos como elemento auxiliar.

a) Bicheiro para captura de polbo e ourizo.

b) Femieira, pesca realizada usando femias como engado.

Capítulo IX.—Modalidades de artes fixas ou de deriva

Sección 1ª: Disposicións comúns

Artigo 107º

1.—Prohíbese o calado de calquera tipo de arte de pesca, tanto fixa como de deriva, nas canais de navegación e nos accesos a portos e zonas habituais de fondeo.

2.—As artes deberán ser caladas co rumbo da praia.

Artigo 108º

O balizamento das artes fixas levarase a cabo mediante bólas colocadas nos seus extremos, nas que se indique de forma visible a matrícula e folio da embarcación propietaria delas, así como a especificación do tipo de arte. Se a lonxitude do aparello excede de 500 metros colocaranse sinalizacións intermedias en intervalos máximos de 500 metros.

a) Durante o día, as boias dos extremos deberán estar equipadas de mastros de 2 metros de altura, que se poderán reducir a 50 centímetros cando a embarcación propietaria teña un arqueado inferior a 5 TRB. O mastro da boia situada a poñente ou norte estará dotada de dúas bandeiras superpostas, e o da boia situada a levante ou sur, unha soa.

b) Durante a noite os extremos da arte estarán dotados de luz branca todo horizonte cun alcance mínimo de unha milla.

Artigo 109º

A embarcación pesqueira que utilice artes de deriva deberá permanecer ó carón dun dos extremos do aparello, os cales deberán estar balizados da forma indicada no artigo anterior. En faena nocturna, unicamente se dotará da correspondente luz o extremo oposto ó da embarcación.

Artigo 110º

Cando se larguen artes de pesca nas proximidades doutras que estean caladas, darase o oportuno resguardo co fin de non entorpecelas faenas pesqueiras. Deberá manterse entre elas unha distancia non inferior a 100 metros.

Artigo 111º

As artes de pesca non poderán ser abandonadas no mar. Cando o abandono se deba a causas de forza maior, deberá ser notificado urxentemente á Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Sección 2ª: Dimensión das mallas e anzois

Artigo 112º

O longo do anzol será a medida abranguida entre o extremo superior da patilla e a tanxente horizontal á base do anzol. A abertura do anzol será a medida abranguida entre o extremo superior do arpón e a cana do anzol.

Artigo 113º

1.—Nas artes de rede, a medida da malla será a distancia interior en liña recta entre dous nós opostos da mesma malla, estando esta completamente estendida e mollada. Nas redes sen nós, a distancia interior en liña recta entre dúas conexións opostas da mesma malla, cando está completamente estendida sobre o seu eixe máis longo.

2.—A medición das mallas, cando se faga diagonalmente, deberá realizarse cun calibrador exercendo 4 kg de forza. Deberá medirse o aparello despois de mollado e usado; faranse 20 medicións de distintas partes da arte ou aparello, sendo a media destas medidas a que determinará a dimensión definitiva das mallas.

Capítulo X.—Artes dedicadas á captura de moluscos bivalvos, equinodermos e crustáceos cirrípidos

Sección 1ª: Disposicións xerais

Artigo 114º

As artes autorizadas para os fins recollidos no presente capítulo serán clasificadas no presente regulamento segundo as distintas modalidades de marisqueo, a pé, desde embarcación ou con rastro remolcado, e atendendo ás especies obxecto de captura principal e de se a súa tracción é manual ou mecánica.

Artigo 115º

1.—O horario para o marisqueo desde embarcación con rastro remolcado será de 8 a 14 horas e para o marisqueo a pé desde dúas horas antes a dúas horas despois da baixamar diurna, tendo como tope máximo ata as 17.00 horas.

2.—As actividades de marisqueo só se poderán exercer nas épocas en que regulamentariamente se levante a veda das especies de captura e en días laborables, exceptuando os sábados e vésperas de festivos.

Artigo 116º

1.—Os rastros constan dunha estrutura metálica, basicamente rectangular ou triangular, provista dun cope de malla ou metálico para a retención das especies bentónicas que capturen, podendo ir provistas de dentes para facilita-la súa penetración no substrato e extraer-las especies que vivan enterradas nel.

2.—Clasifícanse polas especies principais de captura, o que non exclúe a extracción doutras especies distintas cando non se regulase expresamente e sempre que non estean en veda e teñan o tamaño mínimo regulamentario.

Artigo 117º

A utilización das distintas artes que se describen as seguir só poderá ser realizada por embarcacións menores de 10 TRB. Dispoñerase dun período transitorio de 5 anos (prorrogable anualmente) para a adaptación ou reconversión das embarcacións que, superando 10 TRB, se dedicasen de forma continuada ás actividades

Sección 2ª: Artes de marisqueo a pé

Artigo 118º

1.—Están autorizadas para o marisqueo a pé o sachó, o angazo, o fouciño ou fouza, o salabardo e a fisga, que se describen a seguir:

a) O sachó consta dun mango de madeira ou outro material cunha platina metálica plana, comunmente de forma triangular ou rectangular, que forma ángulo agudo co mango.

b) O angazo consta de mango de madeira ou similar que forma ángulo agudo cunha platina de madeira ou metálica provista de dentes que non poderán exceder os 10 cm de lonxitude.

c) O fouciño ou fouza consta dun mango de madeira cunha prolongación metálica máis ou menos curvada que facilita a escavación e o acceso ós moluscos infaunais.

d) O salabardo consta dun rectángulo metálico de dimensión máxima 60 x 30 centímetros de altura, provisto dun cope de rede que serve para selecciona-los moluscos que son impulsados ó seu interior ó escavar coas mans ou auxiliados por un sachó. Tamén se autoriza unha arte similar, a arte brava, que substitúe o cadrado metálico por dous paos que se chantan ou apoian sobre o substrato verticalmente e se utilizan co mesmo fin. Tamén se autoriza para a captura do camarón en zonas intermareais. A malla mínima será de 2 centímetros de lado.

e) A fisga é unha varela metálica de ata 1 metro de lonxitude, acabada en punta de frecha, para a captura do longueirón e da navalla.

Sección 3ª: Artes de marisqueo desde embarcación

Artigo 119º

1.—Están autorizadas como artes de marisqueo desde embarcación os rastros ou angazos, os raños e as ganchas, que teñen como principais variantes as que se describen a seguir. O seu uso está permitido soamente desde embarcación. Non se poderán utilizar molinetes para os traballos de arrastre sobre fondo nin ser remolcados desde a embarcación.

2.—As variantes son as seguintes:

a) O rastro ou angazo consta dun armazón triangular de ferro, soldado a unha platina provista de dentes que leva no seu extremo superior un soporte tubular para a fixación da vara de madeira ou outros materiais. Soldado ou unido ó armazón principal leva un soporte trapezoidal para a fixación do cope.

b) O rastro de berberecho deberá ter unha platina de lonxitude máxima de 65 centímetros. A lonxitude máxima dos dentes será de 7 centímetros cunha separación mínima entre eles de 2 centímetros. O cope de

dimensión variable deberá ter unha malla mínima de 2 centímetros de lado (2×2).

c) O rastro de ameixa deberá ter unha platina de lonxitude máxima de 50 centímetros provista de dentes cunha separación mínima de 1,5 centímetros e unha lonxitude máxima de 10 centímetros. O cope deberá levar unha malla mínima de 2 centímetros de lado (2×2). Poderá levar unha prancha metálica ou voador para mellora-la súa estabilidade, antes de inserilo na vara.

d) O raño consta dun armazón rectangular de ferro, ó que se fixa a vara en dous lados opostos do rectángulo. A base ou platina vai provista de dentes que forman un ángulo duns 60° coa vara. Os dentes laterais van unidos á parte superior do rectángulo formando un cope de pouca profundidade con arame soldado, enrolado ou con malla de rede. A lonxitude máxima da platina será de 70 centímetros, a lonxitude máxima dos dentes será de 19 centímetros a partir da base, cunha separación mínima entre eles de 15 milímetros. Separación mínima de varelas do cope: 15 milímetros (ou malla de 2×2 centímetros).

e) A gancha ten unha estrutura metálica semicilíndrica ou de culler cóncava provista dunha boca de forma rectangular ou trapezoidal, unida a un cope de malla metálica soldada. A base ou platina vai provista de dentes cunha lonxitude máxima de 12 centímetros e unha separación mínima entre dentes de 15 milímetros. No lado oposto da platina leva un tubo metálico soldado á estrutura para a fixación da vara de madeira, material plástico ou aluminio, de lonxitude variable. A separación mínima das varelas do cope será de 15 milímetros.

Sección 4ª: Rastros remolcadores

Artigo 120º

1.—O rastro de vieira consta dunha estrutura de ferro de forma triangular que pode levar soldada enriba da súa base ou platina un rectángulo de ferro para a suxeición do cope, que forma un ángulo de 90° coa estrutura principal (a súa altura non excederá de 50 centímetros).

2.—A base ou platina terá unha lonxitude máxima de 175 centímetros e deberá levar soldada unha ringleira de dentes curvados cara a atrás, cun diámetro ou espesor de 7 milímetros.

A lonxitude máxima dos dentes será de 10 centímetros contados a partir da súa base, seguindo o desenvolvemento da curva, que deberá ser polo menos a que corresponde a un cuadrante de circunferencia de 7 centímetros de radio. A separación mínima entre os dentes será de 8 centímetros. O cope estará formado por unha rede de malla de 5 centímetros, como mínimo, do lado do cadrado para a volandeira, zamburiña e ostra, e de 8 centímetros de lado para a vieira.

3.—Non se poderán capturar con esta arte especies distintas das citadas, nin utilizarse en fondos inferiores a 5 metros.

4.—Soamente se poderán utilizar como máximo dous rastros por embarcación.

Artigo 121º

1.—O rastro para a navalla é a arte que consta dun armazón principal en forma de triángulo isósceles, formado por unha barra de ferro dun mínimo de 2 centímetros de espesor, podendo levar na súa base un rectángulo metálico soldado transversalmente para soporte do cope.

2.—A platina terá unha lonxitude máxima de 60 centímetros, provista de dentes cunha lonxitude máxima de 40 centímetros. A separación mínima entre dentes é de 5 centímetros. O cope de malla de rede deberá ter unha malla mínima de luz de 2 centímetros como mínimo de lado do cadrado.

3.—Prohíbese a utilización da dita arte agás que estudos biolóxicos aconsellen o seu emprego; neste caso regularase a través do plan de explotación aprobado para o efecto pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

Artigo 122º

1.—O endeño remolcado, chamado tamén can de ameixa, é a arte que consta dunha estrutura triangular que leva unido á platina un rectángulo metálico para suxeita-lo cope.

2.—A lonxitude máxima da platina é de 90 centímetros con dentes dun máximo de 15 centímetros e unha separación mínima entre dentes de 2,5 centímetros. O cope terá unha malla mínima de 2 centímetros de lado do cadrado.

3.—O seu emprego só será autorizado para a captura de ameixa rubia en fondos superiores a 15 metros, segundo os plan de explotación que para o efecto aprobo a Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura.

4.—Soamente poderán utilizarse como máximo dous endeños remolcados por embarcación.

Artigo 123º

1.—O rastro de camarón está formado por un rectángulo metálico ou semicírculo de base recta, desprovisto totalmente de dentes, provisto de enganches para o seu remolque. A lonxitude da base será como máximo de 3 metros e o cope, de dimensións variables; levará unha malla mínima de 10×10 milímetros.

2.—Poderán utilizarse como máximo dous rastros por embarcación.

Sección 5ª: Captura de percebe

Artigo 124º

Para a captura do percebe utilizaranse as rasquetas ou raspas, que constan dun mango recto de madeira unido a unha platina trapezoidal que terá unha base máxima de 15 centímetros.

Artigo 125º

A utilización doutras artes e equipos na extracción do percebe requirirá a previa aprobación do correspondente plan de explotación pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura na forma que se determine regulamentariamente.

Sección 6ª: Captura de ourizo

Artigo 126º

1.—A captura de ourizo está incluída dentro das actividades do marisqueo, sendo obrigatorio estar en posesión do correspondente permiso de explotación establecido regulamentariamente.

2.—Autorízase a extracción de ourizo tódolos días laborables, agás sábados e vésperas de festivos, en horario abranguido entre as 9.00 e as 15.00 horas.

Artigo 127º

1.—As artes autorizadas para a extracción de ourizo serán o trueiro e a forquita, que se describen a seguir:

a) Trueiro: está formado por un mango de dimensións variables que leva no seu extremo un aro provisto de cope de rede.

b) Forquita: está formada por un mango de dimensión variable que leva no seu extremo dúas ou tres pugas en forma de tridente lixeiramente curvadas.

2.—Poderanse usar indistintamente auxiliándose con mirafondos para a localización dos ourizos.

Sección 7ª: Uso dos equipos subacuáticos

Artigo 128º

1.—Con carácter xeral prohibese a utilización de equipos subacuáticos autónomos para as actividades da pesca e do marisqueo.

2.—Só poderán autorizarse especificamente e a través do oportuno plan de explotación aprobado para o efecto pola Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura, logo de proposta das organizacións de produtores ou confrarías de pescadores do ámbito onde se vaia realizar a extracción.